

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 07 DE MARZO DO 2024.

ASISTENTES:

<p><b>Presidente:</b> PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p><b>Membros que asisten:</b>  VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b>  MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Sete de Marzo do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 29/02/2024

**2.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Eva Petrovich Díaz**

**Visto** o escrito presentado por **Eva Petrovich Díaz**, de data 04/03/2024 (Registro de entrada nº 5.419), no que solicita autorización para a instalación dun posto (Remolque de 2,00 m x 3,00 m.) de venda ambulante (comidas), en Bandourrí, os días 09, 15, 16, 29 e 30/03/2024 e 05, 06, 12, 13, 19 e 20/04/2024, en horario de 02:00 am a 06:00 am.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dun posto (Remolque de 2,00 m x 3,00 m.) de venda ambulante (comidas), en Bandourrío, os días 09, 15, 16, 29 e 30/03/2024 e 05, 06, 12, 13, 19 e 20/04/2024, en horario de 02:00 am a 06:00 am.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

---

### 3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

15582 23.06.2023 ROSA MARIA GONZÁLEZ GUDE, pintado de vivenda situada no lugar de Deán Pequeno, 59, Ribeira.

---

### 4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Queda sobre a mesa, pendente de que se proceda a xirar visita de comprobación para comprobar si se axusta á licenza, así como comprobación do orzamento presentado para ver que se axusta realmente ás obras a realizar, o seguinte expediente de obra menor:

21994 22.09.2023 MARCOS ANTONIO SAMPEDRO VÁZQUEZ, obras de conservación e mantemento de obra existente, na rúa do Peñón, 5, Palmeira.

---

### 5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Queda sobre a mesa, pendente de que se proceda á comprobación do orzamento presentado para ver que se axusta realmente ás obras a realizar, o seguinte expediente de obra menor:

3889 16.02.2024 RAMÓN DIONISIO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, execución de piscina e soleiras para acceso de parcela, na Avda. do Ferrol, 47, Ribeira.



**6.- LICENZA MUNICIPAL CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: LUGAR DE A MÁMOA, RIBEIRA (P.1). PROMOTORES: ESTHER SANCHO PATIÑO-FRANCISCO M PÉREZ HERMO**

**VISTA** a solicitude de e **licencia urbanística** para **CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, LUGAR DE A MÁMOA, RIBEIRA**, da que son promotores **Dna. Esther Sancho Patiño-Francisco M Pérez Hermo**.

**VISTO** o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **7 de febreiro de 2024**.

**VISTO** o **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **14 de febreiro de 2024** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento ao que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en **683,92 €**.

**VISTO** o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **16 de febreiro de 2024**,

**VISTO** o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **18 de febreiro de 2024**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Esther Sancho Patiño e D.Francisco M. Pérez Hermo LICENZA DE OBRAS (Nº 6/24)** para **CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, na finca 1 resultante da licenza de segregación nº 6/23, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2023, sita no lugar de A Mámoa, Ribeira con refª catatral nº 15074A009000940000KW, nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2023 e Memoria descritiva e urbanística do Proxecto Básico con sinatura dixital de día 5 de febreiro de 2024, redactados por D. José Abeijón Vela e D.Miguel Fernández Carreiras, (arquitecta/os col. nº 2.059 e nº 2.171 respectivamente), Acordo de acaroamento asinado o día 7 de outubro de 2023):

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.*

*-Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 683,92 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento ao que da fronte o solar.*

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241272461
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024		Fecha: 11/03/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024		Hora: 09:17
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36		



contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóviles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998,



do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**SIXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800136A8D00A3F1Y6W&amp;J3X1 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024          JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36</p>	<p>DOCUMENTO: 20241272461          Fecha: 11/03/2024          Hora: 09:17</p>
---	---	---



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

**DÉCIMO PRIMEIRO:**-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**7.- LICENZA MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: LUGAR DE A MÁMOA, RIBEIRA. PROMOTORES: ESTHER SANCHO PATIÑO - FRANCISCO M. PÉREZ HERMO**

**VISTA** a solicitude de e licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, LUGAR DE A MÁMOA, RIBEIRA**, da que son promotores **Dna. Esther Sancho Patiño-Francisco M Pérez Hermo**

**VISTO** o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **7 de febreiro de 2024**.

**VISTO** o informe emitido pola **enxeñeira municipal** o día **14 de febreiro de 2024** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento ao que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en **683,92 €**.

**VISTO** o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **16 de febreiro de 2024**.

**VISTO** o informe emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **18 de febreiro de 2024**.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Esther Sancho Patiño e D.Francisco M. Pérez Hermo LICENZA DE OBRAS (Nº 7/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, na finca 2 resultante da licenza de segregación nº



6/23, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2023, sita no lugar de A Mámoa, Ribeira con refª catatral nº 15074A009000940000KW, nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2023 e Memoria descritiva e urbanística do Proxecto Básico con sinatura dixital de día 5 de febreiro de 2024, redactados por D. José Abeijón Vela e D.Miguel Fernández Carreiras, (arquitecta/os col. nº 2.059 e nº 2.171 respectivamente), Acordo de acaroamento asinado o día 7 de outubro de 2023):

-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.

-Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 683,92 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento ao que da fronte o solar.

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

**QUINTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de



*ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**SEXTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241272461
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36		Fecha: 11/03/2024 Hora: 09:17





**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**DÉCIMO PRIMEIRO:-** Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## 8.- APROBACIÓN INSTRUCIÓN INTERPRETATIVAS QUE REGULARÁN A INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS

**VISTAS** as INSTRUCIÓN elaboradas pola Secretaría Xeral do concello, a instancia da Xunta de Goberno Local, coa fin de clarificar a tramitación das solicitudes para a instalación de “tendedeiros” en edificios ubicados en chan Clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira (Plano 3.9) como Urbano Residencial intensivo colectivo en Manzá (ordenanza 1).

**CONSIDERANDO** que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos mediante instrucións e ordes de servizo.

**VISTO** que o Tribunal Supremo, na súa Sentenza de 18 de xuño de 2013 (rec. 668/2012),



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241272461
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36		Fecha: 11/03/2024 Hora: 09:17



establece respecto da natureza destas instrucións e ordes de servizo que «*constitúen resolucións administrativas que se engarzan no ámbito propio da organización administrativa que goberna a súa estrutura, cun contido e finalidade específicos en canto actos e directrices non incluíbles no exercicio da potestade regulamentaria*».

En todo caso, o incumprimento das instrucións ou ordes de servizo non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos, sen prexuízo da responsabilidade en que se poida incurrir.

**CONSIDERANDO** o disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e artigos 5 e 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno n en relación cos artigos, 17 a 20, 142 a 145, 146 e 146 bis da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigos 348 a 363 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o Plan Básico Autonómico e o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira.

En base ao anterior, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**:-Aprobar as instrucións interpretativas que regularán a instalación de tendedeiros, en edificios ubicados en chan Clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira (Plano 3.9) como Urbano Residencial intensivo colectivo en Manzá (ordenanza 1), sempre que técnicamente se acreite a imposibilidade material de realizalo non interior dos edificios.

1.-Será necesaria tramitar **comunicación previa** para levar a cabo a colocación de tendeiros en edificios ubicados en chan clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira (Plano 3.9) como Urbano residencial intensivo colectivo en Mazá (ordenanza 1), en consonancia co disposto no artigo 150 do Plan Xeral, precepto que no seu apartado 4.4 permite a instalación dos devanditos elementos aó dispor que:

**“Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.**

*Voos máximos de cornixas e beirados serán **de 0,4 metros***

*Os patios de luces rexeranse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso”.*

2.- A ubicación dos tendederios nunca o será nas fachadas principais dos edificios, e non poderán ser instalados en balcóns o balconadas e ventás, coa fin de garantir a seguridade dos transeuntes.

3.-Os elementos instalados responderán as seguintes características:

-*Estructura pechada con lamas frontal e lateral.*

-*Fondo pechado con lamas, que non permitan a caída de elementos líquidos e/o sólidos sobre a vía pública.*

-*Apertura corredera o abatible.*



4.-En todo caso a comunicación previa irá acompañada de certificado de acordo adoptado ó respecto pola Comunidade de Veciños/as, tal como establece o artigo 17.3 da Lei 49/60, de 21 de xullo, de Propiedade Horizontal e no que se acredite o cumprimento do disposto no artigo 7 do mesmo corpo legal no senso de que a ubicación dos tendedeiros, e por ende a ocupación de bens comunis e privativos en ningún caso alterará a seguridade, estética e dereitos dos demais veciños/as.

5.-Será Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, previos os informes técnicos e/o xurídicos que considere oportunos, a que, en última instancia, adoptará acordo sobre a as solicitudes e/o comunicacións previas que se reciban para a instalacións dos elementos comunis ós que se refiren as presentes instrucións.

**SEGUNDO:-** As presentes intrucións deberán publicarse na sede electrónica deste Concello de Ribeira [dirección <https://www.ribeira.gal>] na forma prevista no artigo 5.4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**TERCEIRO:-** Publicar igualmente o presente acordo para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, conforme ao establecido en artigo 6.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**CUARTO:-** Facultar tanto ao Sr.alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

---

#### 9.- INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS EN FACHADA RÚA BARBANZA - Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera

**VISTA a comunicación de obra menor (Expte. Nº 2023 COMU000608)** presentada con data 20 de novembro de 2023 pola Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera, para "**INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS FACHADA NORTE DO EDIFICIO**, no lugar de **RÚA BARBANZA Nº 24, RIBEIRA-**

**VISTO o informe do arquitecto municipal de data 5 de febreiro de 2023** no que pon de manifesto o seguinte, entre outros extremos, o seguinte:

(...)

A edificación na que se pretenden instalar estes elementos conta na distribución de cada unha das vivendas cun espazo dedicado a tendal, cas condicións esixibles para ese uso.

A edificación existente xa conta con voos sobre a vía pública, na superficie máxima permitida, co que non é posible voar con máis elementos sobre a mesma.

Descoñécese se se trata dunha actuación puntual o unha actuación global, o que modificaría a configuración exterior da edificación.

As actuacións non son viables urbanísticamente, ao excederse os voos permitidos pola Ordenanza, e non ser acorde, a actuación proposta, cas condicións esixibles para os voos nesta Ordenanza, ademais diso, a edificación na que se pretende levar a cabo esta actuación, conta, na súa distribución interior, cun espazo dedicado a tendal, a cuberto, para cada unha das vivendas que forman parte da mesma.

Por todo o exposto anteriormente, as actuacións pretendidas, non serán compatibles ca normativa urbanística vixente



(...)"

**VISTO** o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación no que, entre outros extremos ponse de manifesto que:

(.....)

*"No presente expediente trátase da comunicación previa para levar a cabo a colocación duns tendeiros nun edificio ubicado en chan clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira (Plano 3.9) como Urbano residencial intensivo colectivo en Mazá (ordenanza 1), artigo 150 do Plan Xeral, precepto que no seu apartado 4.4 permite a instalación do elemento ó que se refire á presente comunicación previo aó dispor que:*

**"Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.**

**Voos máximos de cornixas e beirados serán de 0,4 metros**

*Os patios de luces rexeranse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso"*

*Cumpre poñer de relieve que os elementos constructivos que pretenden instalarse obedecen a unha actuación puntual e non global sobre todo o edificio e que cumpren coas homologacións técnicas esixidas pola normativa aplicable sobre a materia.*

*Vista a lexislación aplicable, por quen subscribe conclúese que a actuación proposta non desvirtúa a normativa vixente sobre a materia ó tratarse de elementos que non permiten a caída de elementos sólidos nin líquidos sobre a vía pública e sen prexuízo dos criterios que os técnicos municipais competentes consideren poñer de manifesto.*

(..)

**CONSIDERANDO** os artigos, 17 a 20, 142 a 145, 146 e 146 bis da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os artigos 348 a 363 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o Plan Básico Autonómico e o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira.

**VISTO** as instrucións interpretativas que regularán a instalación de tendedeiros, en edificios ubicados en chan Clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira (Plano 3.9) como Urbano Residencial intensivo colectivo en Manzá (ordenanza 1), sempre que tecnicamente se acreite a imposibilidade material de realizalo non interior dos edificios; aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada en da 07/03/2024.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía, coa abstención da concelleira Genoveva Betanzos Fernández (art. 76 da Lei 7/85 RBRL), e cos votos a faoer do resto dos membros presentes, **ACORDA**:

**Primeiro:** - Tomar razón da **comunicación de obra menor (Expte. Nº 2023 COMU000608)** presentada con data 20 de novembro de 2023 pola Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera, para **"INSTALACIÓN DE TENDEIROS FACHADA NORTE DO EDIFICIO**, no lugar de **RÚA BARBANZA Nº 24, RIBEIRA.**



**Segundo:** -Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Terceiro:** -Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Policía Local para a súa constancia e efectos oportunos.

#### 10.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL/SEGURO DE CAUCIÓN – Nedgia Galicia, S.A. (1)

<b>Nº EXPEDIENTE SWAL:</b>	2017 LIC-000034
<b>CONCEPTO GARANTIZADO:</b>	ESTADO PAVIMENTO DURANTE 1 ANO EXECUCIÓN COUSO-
<b>Nº AVAL/SEGURO CAUCIÓN:</b>	R.E.A. Nº 01820000904086
<b>IMPORTE:</b>	13.056,24 €
<b>ENTIDAD AVALISTA:</b>	BBVA
<b>DEPOSITANTE:</b>	NEDGIA GALICIA, S.A.
<b>NIF DEPOSITANTE:</b>	A15383284
<b>Nº OPERACIÓN CONTABLE DEPÓSITO:</b>	2017 33005988 10/08/2017

LOGO DE VER a solicitude de cancelación de aval/seguro de caución constituído a favor deste concello que figura no encabezado de data 14/07/2022.

E DE VER o informe favorable á súa devolución/cancelación da técnico municipal UXÍA LANDEIRA PEREIRA de data 21 DE NOVENBRO DE 2023.

Dada conta pola Tesouraría municipal da inscrición da devandita garantía coma pendente de devolución no Rexistro contable de avales e depósitos.

Vista a proposta resolución emitida ao respecto polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 29/02/2024, e de conformidade co acordo de delegación de competencias efectuado á Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1º) Autorizar a cancelación do aval/seguro de caución que figura no encabezado desta proposta.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado, apercibíndolle que no suposto de que a garantía fose depositada na Tesouraría municipal en documento físico e desexase retirar o orixinal, deberá persoarse por sí ou por representante debidamente autorizado nas oficinas da Tesouraría municipal para proceder ao seu retiro, previo aviso con unha antelación mínima de dous días hábiles.

#### 11.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL/SEGURO DE CAUCIÓN – Nedgia Galicia, S.A. (2)

<b>Nº EXPEDIENTE SWAL:</b>	2018-COMU000109
<b>CONCEPTO GARANTIZADO:</b>	GARANTÍA CORRECTO ESTADO PAVIMENTO TRAS EXECUCIÓN OBRA APLIACIÓN REDE E ACOMETIDA LG.MÁMOA
<b>Nº AVAL/SEGURO CAUCIÓN:</b>	R.E.A. 367.688



<b>IMPORTE:</b>	14.500,00 €
<b>ENTIDADE AVALISTA:</b>	ABANCA Corporación Bancaria S.A.
<b>DEPOSITANTE:</b>	NEDGIA GALICIA, S.A.
<b>NIF DEPOSITANTE:</b>	A15383284
<b>Nº OPERACIÓN CONTABLE DEPÓSITO:</b>	2018 33003612 31/05/2018

LOGO DE VER a solicitude de cancelación de aval/seguro de caución constituído a favor deste concello que figura no encabezado de data 14/07/2022.

E DE VER o informe favorable á súa devolución/cancelación da técnico municipal UXÍA LANDEIRA PEREIRA de data 21/11/2023.

Dada conta pola Tesouraría municipal da inscrición da devandita garantía coma pendente de devolución no Rexistro contable de avales e depósitos.

Vista a proposta resolución emitida ao respecto polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 29/02/2024, e de conformidade co acordo de delegación de competencias efectuado á Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1º) Autorizar a cancelación do aval/seguro de caución que figura no encabezado desta proposta.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado, apercibíndolle que no suposto de que a garantía fose depositada na Tesouraría municipal en documento físico e desexase retirar o orixinal, deberá persoarse por sí ou por representante debidamente autorizado nas oficinas da Tesouraría municipal para proceder ao seu retiro, previo aviso con unha antelación mínima de dous días hábiles.

3º) Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal.

## 12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Andrés Vidal Fernández

**Visto** o escrito presentado por **Andrés Vidal Fernández**, de data 12/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.603), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 9201102MH9190S0001FZ e 15074A014003040000KY.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 04/03/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

### 01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Andrés Vidal Fernández

### 02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. da Capela. Carreira, Ribeira.

Ref. Catastral: 9201102MH9190S0001FZ e 15074A014003040000KY

**Plano do PXOM:** Planos nº 2.17 e 6.1 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0506 do PBA.

### 03.ANTECEDENTES

**03.01.** Con data do 12.12.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 202328603), unha solicitude de información urbanística.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800136A8D00A3F1Y6W8J3X1 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DOCUMENTO: 20241272461
	<p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36</p>	<p>Fecha: 11/03/2024 Hora: 09:17</p>



Achégase:

- Consultas descritivas e gráficas do Catastro.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

**04.NORMATIVA APLICABLE**

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

**05.INFORME**

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico. De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

**05.01.Réxime urbanístico:**

As parcelas para as que solicita información atópanse en solo urbano.  
Ambas as parcelas consultadas atópanse en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.3.A, Residencial extensiva unifamiliar aislada**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

**Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.**

**1. Definición y ámbito**

*Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.*

**1.1. Obras admisibles**

*Son admisibles todo tipo de obra de:*

- Demolición*
- Reforma*
- Ampliación*
- Nueva planta*

**1.2. Usos globales**

**Uso global:** *residencial extensivo.*

**Uso característico pormenorizado:** *vivienda unifamiliar.*

**Usos admisibles:** *Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.*

**1.3. Tipologías edificatorias**

*La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.*

**1.4. Normativa sectorial**

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241272461
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024	Fecha: 11/03/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36		Hora: 09:17



Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

**2. Parámetros de la edificación**

**2.1. Condiciones de la parcela**

**Parcela mínima:** Tipo A: 500 m<sup>2</sup>.

Tipo B: 1.000 m<sup>2</sup>.

Tipo C: 1.000 m<sup>2</sup>.

**Frente mínimo:** 12 metros.

**Condiciones de forma:** La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

**2.2. Condiciones de ocupación**

**Ocupación máxima de la parcela:** Tipo A-B-C: 30%.

**Retranqueos:** La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

**2.3. Condiciones de volumen**

**Edificabilidad máxima:** Tipo A: 0,8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Tipo B: 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Tipo C: 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

**Altura de la edificación:**

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

**H. máxima:** 6,5 metros.

**Altura de coronación:** 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

**2.4. Elementos arquitectónicos**

**Cerramiento de parcelas:** Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

**Construcciones auxiliares:** Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

**Cuerpos volados cerrados:** Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

**Cornisas y aleros:** La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

**Balcones y terrazas:** En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

**Cubiertas:** Igual que ordenanza 6.1.

**2.5. Condiciones ambientales y estéticas**

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

**Cerramientos exteriores y materiales:** La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

**Composición de fachadas y huecos:** Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800136A8D00A3F1Y6W8J3X1 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024          JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36</p>	<p>DOCUMENTO: 20241272461          Fecha: 11/03/2024          Hora: 09:17</p>
---	---	---






Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

**Integración en el medio natural:** La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

**Conservación de las masas arbóreas:** Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.



### 13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María Esther Fernández Pazos

**Visto** o escrito presentado por **María Esther Fernández Pazos**, de data 15/02/2024 (Registro de entrada nº 3.855), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0615212NH0101N0004DJ.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 28/02/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

#### 1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, con Rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira número 202400003855 do día 15 de febreiro de 2024.

#### 2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela e os usos permitidos de acordo coa normativa urbanística que resulta de aplicación.

#### 3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM



- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

#### 4. CONSIDERACIÓNS

##### 4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela.

##### 4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 0615212NH0101N0004DJ, no seu plano 3.11 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 1, Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

#### **ARTIGO 150: ORDENANZA 1.- RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA EN MAZÁ.**

##### 1. Definición e ámbito.

*Comprende esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.*

*O seu deseño apoiase sobre a rede viaria existente e a que se ten deseñado ou completado mediante o presente planeamento.*

*É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de mazá, á que se lle adxudican unha ou varias alturas máximas de comisa en atención á diferenza de cotas do viario.*

##### 1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

##### 2. Usos

**Uso global:** Residencial intensivo.

**Uso característico pormenorizado:** Vivenda colectiva

**Usos admisibles:** Terciario de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.

##### 3. Tipoloxía edificatoria

*A tipoloxía edificatoria é a da edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores o a través de patios de parcela.*

##### 4. Parámetros da edificación

###### 4.1. Condicións da parcela

**Parcela mínima:** 100 m<sup>2</sup>, Exceptuando as parcelas existentes entre dúas xa consolidadas.

**Fronte mínimo:** 6 m. Excepto parcelas entre medianeiras.

###### 4.2. Condicións de ocupación

**Ocupación máxima de la parcela:** 100%.

**Ocupación en planta baixa:** Fondo máximo: 25 m

**Ocupación en Sotos:** 100% da parcela edificable.



**Fondo máximo plantas de pisos:** 18 metros.

**Aliñación:** As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.

4.3. Condições de volume

**Número de plantas:** As definidas nos planos de ordenación, ca limitación do largo de rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, salvo nas rúas relacionadas na seguinte táboa:

Rúa de Galicia: B + E + 2P 4- Ático

Avda. Do malecón e paseo das Carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E 4- 4P 4- Ático

CJ Cordierio: B + E + 3P + Ático

C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c\ Irmandiños): B + 3P + Ático

C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático

C/ Lagareu: B 4- 3P + Ático

C/ Lepanto: B + 3P + Ático

C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P 4- Ático

C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático

C/ Monumento: B + 3P 4- Ático

C/ Noro: B + 3P + Ático

C/ Nove de agosto: B + E + 3P -t- Ático

C/ Romero Ortiz (desde Malecón ata Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático

C/ Rosalía Castro: B + E + 4P + Ático

Praza do Concello: B -I- E + 4P 4- Ático

Avda. Ferrol (desde Padín ata Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E -f- 2P + Ático

Avda. Pérez Galdós; B + E + 2P + Ático

Prolongación rúa Escorial: B + 4P 4- Ático

Polo que será a limitación de 3 plantas de altura.

**Altura de comisa:** Para determinar a altura máxima, consideraranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas en caso de uso residencial, que pode á aumentar a 3,20 m. para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.

**Altura de coroación:** La cumieira situarase nunha cota máxima de 4 metros por cima do último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Autorízanse as construcións de baixo cuberta cun peto en liña de fachada de 1,00 m. de altura máxima.

Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.

Os patios de luces rexeranse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso.

**5. USOS PERMITIDOS**

Tal e coma se recolle no apartado 1.2 referido anteriormente, o uso característico será o de vivenda colectiva, e coma usos admisibles, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

**6. DATA DE APROBACIÓN DA CITADA NORMATIVA**

O PXOM de Ribeira foi aprobado o 17 de decembro de 2002.

**7. AFECCIÓNS SECTORIAIS**

A parcela non presenta con afeccións sectoriais.



**14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Isabel Miranda Pérez**

**Visto** o escrito presentado por **María Isabel Miranda Pérez Pazos**, de data 26/02/2024 (Rexistro de entrada nº 4.659), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Rúa Xohana Torres, Ribeira con refª catastral nº 0314301NH0101S.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/02/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0314301NH0101S e sita na na Rúa Xohana Torres.

**15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)**

Queda sobre a mesa, pendente de que se proceda a xirar visita de comprobación para comprobar si se axusta á licenza, así como comprobación de que foi liquidado definitivamente o ICIO, o seguinte expediente de primeira ocupación:

14901 27.08.2021 SOCIEDAD GESTIÓN ACTIVOS REESTRUCTURACIÓN BANCARIA S.A., para edificio de 30 vivendas, na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, Ribeira.

**16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

12904 05.07.2022 GERARDO MANUEL FERNÁNDEZ SUSAVILA, para edificación sita na rúa do Carreiro, nº 6, Aguiño.

**17.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN HORIZONTAL DE PROHIBIDO APARCAR – Xavier Vidal Peón**

**Visto** o escrito presentado por **Xavier Vidal Peón**, de data 26/02/2024 (Rexistro de entrada nº 4.643), no que solicita sinalización horizontal de prohibido aparcar no estacionamento situado enfrente da EEI da Capela (Carreira).

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 02/03/2024, no que sinala:

*“Que realizada inspección ocular y conversación mantenida con los vecinos afectados del lugar, indicar que la via que nos ocupa es estrecha, que aparte del servicio de las viviendas tambien se ven afectadas las fincas alli ubicadas, de manera que si estacionan vehículos en la entrada dificulta o impide el paso a las mismas. Por lo expuesto sería conveniente la señalización horizontal mediante el pintado de linea amarilla para prohibir el estacionamiento.*



*En la misma línea de la mejora de la Seguridad Vial sería conveniente la retirada de la marquesina en desuso desde hace tiempo, se deteriora cada día con los golpes producidos por los vehículos que estacionan en la zona, se aprecia que esta suspendida del suelo y que oscila cuando sopla el viento.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a sinalización horizontal mediante o pintado de liña amarela para prohibir o estacionamiento na zona situado enfrente da EEI da Capela (Carreira), según o sinalado no citado informe policial.
- **Que se proceda ao anclaxe da marquesina** para a mellora da seguridade vial.

---

### 18.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN DE RESERVA DE ESTACIONAMENTO – Geriatros, S.A.

**Visto** o escrito presentado por Miguel Almancos Sobrido en representación de **Geriatros, S.A.**, de data 09/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.419), no que solicita sinalización de reserva de tres estacionamentos diante da Residencia do Maior de Ribeira, situada na Rúa Romero Ortiz, nº 1.

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 01/03/2024, no que sinala:

*“Que actualmente los 3 estacionamientos disponibles delante de la Residencia de Mayores esta regulado mediante zona azul, tiempo máximo permitido 15 minutos.*

*Debido a las características del centro, atención a los mayores, necesitan el espacio disponible para el servicio del Centro, bien para traslados en ambulancia , para el traslados en vehículos adaptados o nuevos ingresos.*

*Por lo expuesto sería recomendable sustituir la señal de zona azul por la señal de prohibido estacionar R-308, con el panel complementario Excepto autorizados. Posteriormente se le facilitará al Centro unas tarjetas para colocar en zona interior visible del vehículo para el control Policial.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a reserva de tres estacionamentos diante da Residencia do Maior de Ribeira, situada na Rúa Romero Ortiz, nº 1.
- Deberase substituir o sinal de zona azul polo sinal de prohibido estacionar R-308, co panel complementario “Excepto autorizados”. Que será **instalado nunha esquina** e non onde aparece no informe policial.
- Posteriormente se lle facilitará ao centro unhas tarxetas para colocar nunha zona interior visible do vehículo para o control Policial.

---

### 19.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE ZONA DE ESTACIONAMENTO EXPRESS (AGUIÑO)

**Vista** a proposta remitida pola Policía Local, de data 02/03/2024, relativa á posibilidade de ampliación da zona de estacionamento express na rúas Sálvora e Lorenzo Mariño (Aguiño), e no que sinala:

*“El servicio de regulación de aparcamiento en superficie, tiene por objeto la racionalización del espacio disponible para el estacionamiento de vehículos en la vía pública, cubriendo la necesidad de repartir las siempre limitadas y escasas plazas disponibles, de manera que crear las zonas azules*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800136A8D00A3F1Y6W&J3X1 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DOCUMENTO: 20241272461
	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36	Fecha: 11/03/2024 Hora: 09:17



“Espress” por periodos de tempo máximo permitido de 15 minutos garantiza la posibilidad de rotación de vehículos con el fin de facilitar las gestiones rápidas y compras de los establecimientos de la zona.

Este procedimiento esta regulado en la Ordenanza de circulación del Concello de Ribeira, del año 1990, modificado el 16 marzo del año 2018. Por ende continuando con las creaciones de zonas Express , y la buena aceptación de los comerciantes, sería conveniente adoptar las medidas que a continuación se describen en la calle Salvora y la calle Lorenzo Mariño respectivamente.

- Ampliar la zona azul Express en la calle Salvora, tiempo maximo permitido 15 minutos desde el nº 98 hasta el cruce con el lugar de Cerca y Listres.
- Creación aproximadamente de reserva de 2 plazas en la calle Lorenzo Mariño desde el número 39 al 41, delante de una entidad bancaria y de una librería.

#### SEÑALIZACIÓN

- Horizontal, mediante el pintado en el pavimento de líneas discontinuas de color azul delimitando los estacionamientos
- Vertical, mediante la colocación de la señal de estacionamiento limitado R-309.”

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes e segundo o contido da citada proposta, **acorda**:

- Ampliar a zona azul Express na rúa Salvora, tempo máximo permitido 15 minutos desde o nº 98 ata o cruce co lugar de Cerca e Listres.
- Crear unha reserva de aproximadamente 2 plazas na rúa Lorenzo Mariño desde o número 39 ao 41.
- A sinalización deberá ser: -Horizontal, mediante o pintado no pavimento de liñas discontinuas de cor azul delimitando os estacionamentos. -Vertical, mediante a colocación da sinal de estacionamento limitado R-309.

## 20.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO CARABINA - Gerardo Muñiz Pillado

**VISTA** a solicitude presentada por **D. Gerardo Muñiz Pillado**, DNI \*\*\*80\*\*\*\*, e domicilio en Avd. da Paz, 17 – A01 E – Palmeira - Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licencia de “arma tipo carabina”** das características que se relacionan a continuación.

**CONSIDERANDO** que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Reglamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

**CONSIDERANDO** que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

«1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

**CONSIDERANDO** que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:



«As armas da categoría 4ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

**CONSIDERANDO** que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

**As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios** en que se atopen avencindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na **categoría 4ª, 1**, soamente poderanse documentar seis armas con **tarxetas A** cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

**ACREDITADO** que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 22 de decembro de 2023, exame psicotécnico de data 10 de xaneiro de 2024, así como facturas das carabinas para as que solicita licenza.

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro:**-Conceder a **D. Gerardo Muñiz Pillado**, licenza para a arma carabina, **tipo 4.1**, que se relaciona a continuación:

**“Carabina PCP FX AIRGUNS DREAMLINE LITE. Calibre: 4,5 mm. Categoría 4.1 (Nº SERIE: 2153488)”**

**Segundo:**-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.



**Terceiro**:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

**21.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN ACTIVIDADE ARTÍSTICA EN PASEO COROSO – Escola Unitaria Graduada Deán Grande**

**SOLICITUDE CELEBRACIÓN ACTIVIDADE ARTÍSTICA EN PASEO COROSO – Escola Unitaria Graduada Deán Grande**

**Visto** o escrito presentado por Sandra Gómez Rivas en representación da **Escola Unitaria Graduada Deán Grande**, de data 28/02/2024 (Rexistro de entrada nº 5.011), no que solicita autorización para a celebración dunha actividade artística en colaboración co colectivo SAK, consistente na realización dunha performance colectiva no paseo marítimo de Coroso, o día 08/03/2024 en horario de 10:30 h. a 12:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración dunha actividade artística en colaboración co colectivo SAK, consistente na realización dunha performance colectiva no paseo marítimo de Coroso, o día 08/03/2024 en horario de 10:30 h. a 12:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

**22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN “5ª FEIRA DE COCHES ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS” – Asociación de Empresarios de Ribeira**

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva Mª Betanzos Fernández, de data 01/03/2024, relativa á solicitude de autorización da “5ª Feira de coches eléctricos e híbridos”, e no que expón:

*“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar a “5ª FEIRA DE COCHES ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS” os días 14, 15 e 16 de xuño na Praza de España, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 26/02/2024 con Nº de rexistro de entrada 20244649:*

*Autorización para levar a cabo a 5ª Feira de coches eléctricos e híbridos e reserva da Praza de España, así como a rúa Mendiño desde o 10 ao 18 de xuño para montaxe, desmonte e realización da feira.*

- *Retirada das forolas que están no centro da praza, así como algún bolardo para entrada e saída dos vehículos.*
- *Autorización para o uso de megafonía Móbil polo concello desde o 1 ao 16 de xuño, dúas horas pola mañá e dúas pola tarde.*
- *Autorización para a colocación de bandeirolas de carretera e pancartas publicitarias para a difusión do evento.*
- *Conexión para acometida eléctrica e toma de auga corrente.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a realización na Praza de España a “5ª Feira de Coches Eléctricos e Híbridos” do 14 ao 16 de xuño; aí como a colocación de bandeirolas, pancartas de carretera e o uso de megafonía para a difusión do evento.





- **Autorizar** a ocupación da Praza de España e parte da rúa Mendiño do 10 ao 18 de xuño por mor da montaxe, execución da feira e desmontaxe da mesma.  
Retirada de farolas e bolardos para acceso de vehículos.
- **Autorizar** a disposición de auga corrente e acometida eléctrica (estes servizos correrán a cargo da entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

### 23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DA FEIRA DE OPORTUNIDADES “VIAMARE STOCK 2024” – Asociación de Empresarios de Ribeira

**Vista** a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M<sup>a</sup> Betanzos Fernández, de data 01/03/2024, relativa á solicitude de autorización de celebración da Feira de Oportunidades “Viamare Stock 2024”, e no que expón:

*“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar, como en anos anteriores, a Feira de Oportunidades “Viamare Stock 2024” os días 9, 10 e 11 de agosto no Malecón de Ribeira.*

*Presenta a solicitude de autorización no rexistro xeral do Concello na data 26/02/2024 con N<sup>o</sup> de rexistro de entrada 20244639.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración da “Feira Viamare Stock 2024” os días 9, 10 e 11 de agosto no Malecón de Ribeira.
- **Autorizar** a montaxe e desmontaxe das estruturas desde o 6 de agosto ao 12 de agosto
- **Autorizar** a colocación carteles de estrada e pancartas para promocionar o evento e que serán retirados ao remate do mesmo.
- **Solicitar** no seu nome (Asociación de Empresarios de Ribeira) ante Portos de Galicia, a ocupación temporal de aproximadamente 1.200 m<sup>2</sup> no Malecón de Ribeira (preto de capitanía), e sen perxuízo de repercutir as taxas que puideran derivarse desta ocupación á entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Ribeira).
- **Autorizar** o aumento do servizo de limpeza na zona da feira con reforzo de contedores de plástico e papel.
- **Autorizar** reforzo policial na zona.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

### 24.- APROBACIÓN DOS PRAZOS DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES E CONCESIÓN DE PRAZAS PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA - CURSO 2024/2025

**Vista** a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 07/03/2024, relativa á aprobación dos prazos de admisión de solicitudes e concesión de prazas para a Escola Infantil Municipal de Ribeira – Curso 2024/2025

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800136A8D00A3F1Y6W&J3X1 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DOCUMENTO: 20241272461
	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2024 09:17:36	Fecha: 11/03/2024 Hora: 09:17



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar os prazos para a admisión de solicitudes e concesión de prazas para a Escola Infantil Municipal seguindo os criterios de baremación vixentes e aprobados polo Pleno da Corporación, na Sesión Ordinaria realizada o día 27 de febreiro de 2023, e publicado no BOP nº43 de 3 de marzo de 2023; segundo o contido da citada proposta.

---

**25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – M<sup>a</sup> Dolores Saiñas Cadabal (Taberna do Argentino)**

**VISTO** o escrito presentado por **M<sup>a</sup> Dolores Saiñas Cadabal**, en representación do establecemento “Taberna do Argentino”, de data 04/03/2024 (Rexistro de entrada nº 5.432), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Taberna do Argentino” (Carreira), o día 28/03/2024, en horario de 21:30 h. a 00:30 h. ou de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **M<sup>a</sup> Dolores Saiñas Cadabal**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Taberna do Argentino” (Carreira), o día 28/03/2024, **en horario de 21:00h. a 00:00 h.**, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

**5.- DATAS E HORARIOS:**

**5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”:** entre 13.00 h e 16.00 h.

**5.2. Interior de Locais:**

**5.2.1. Café Bar:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.2. Cafetería:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.3. Pubs e café concerto:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

**5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:**

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

**ACLARACIÓN:** Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.



(...)"

**SEGUNDO.-** Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Taberna do Argentino" (Carreira) (**M<sup>a</sup> Dolores Saiñas Cadabal**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."*

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.



**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**



**FIRMANTE - FECHA**

